



Sabes cal é o sapo? Sí, sabe. E mais o raposo, tamén o que colle as ghallinas? Bueno. E entonces foron á carreira. Non sei se me acordará. O raposo díxolle ao sapo que lle ghanaba na carreira. E entonces díxolle o sapo, non eu ghánoche a ti. E entonces o sapo, coma eu parecidamente parecemos parvos e aínda non o somos tanto. Enghanchóuselle no rabo! Ó raposo, enghanchóuselle no rabo. E entonces empezou o raposo a liscar, a correr, e o sapo no rabo.

E cando se virou a si dicíndolle ao sapo:

- 'Ti ves?

Díxolle alí o sapo:

- Eu xa tou aquí!